ASINADO POR: XEFA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN BEATRIZ BARBARÁ RODRÍGUEZ 22/09/2016 10:37:39 | CONCELLEIRA MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE M JESÚS LAGO REY 22/09/2016 11:51:47

Documento asinado

**CONCELLO DE VIGO**

**CONTRATACIÓN**

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 16 DE SETEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:15 horas do día 16 de setembro de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 15-09-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente**: Dna. Mª Jesús Lago Rey

**Vocais**:

Dna. Susana Garcia Álvarez
D. Alberto Escariz Couso
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Álvaro Crespo Casal

**Secretaria** Dna. Beatriz Barbará Rodríguez.

**1. Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

a) **Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos para a iluminación de Nadal (expediente 3007-106)**

Dáse conta do informe do xefe de área de Servizos Xerais, de data 15 de setembro de 2016, sobre o escrito presentado por SIELVIGO, S.L., o dia 08-09-2016, cuxo contido reprodúcese a continuación:

"A solicitude de Mesa de Contratación, celebrada na data 09/09/2016 de informe por parte do Servizo de Comercio relativo ao escrito presentado pola empresa Sielvigo S.L. única empresa presentada e admitida para o concurso de referencia, no que poñen de manifesto a imposibilidade de conseguir algúns dos elementos decorativos indicados na súa oferta e que propoñen o subministro e instalación de outros modelos actualizados e equivalentes, coas características consignadas na ficha técnica correspondente a cada elemento decorativo.

Considérase que se poden admitir as variacións de detalle sobre a proposta realizada na sua oferta, con motivos actualizados e



| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/04/2024 17:40 | Páxina 1 de 2 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8AH4A-58D5A1-5AAH2A-6H4Q6T-6LKAPP-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: XEFA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN BEATRIZ BARBARÁ RODRÍGUEZ 22/09/2016 10:37:39 | CONCELLEIRA MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE M JESÚS LAGO REY 22/09/2016 11:51:47
Documento asinado

equivalentes, sempre que cumpran cos requistos recollidos na mesma, e no Prego de Prescripcións Técnicas; en particular os seguintes:

- Tipo e número de lámparas de tecnoloxía LED.
- Superficie de iluminación (medidas dos elementos decorativos).
- Características técnicas da estrutura-soporte".

**2.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

a) **Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos para a iluminación de Nadal (expediente 3007-106)**

Aceptase o informe do xefe de área de Servizos Xerais, de data 15 de setembro de 2016, sobre o escrito presentado por SIELVIGO, S.L., o dia 08-09-2016.

Á vista do mesmo, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes á presente sesión acorda darlle traslado do mesmo ao licitador, para que manifeste, no prazo dos tres días hábiles seguintes á recepción da notificación, si continúa no procedemento ou retira a súa oferta. Advertíndolle de que, conforme ao previsto no artigo 60.2 do TRLCSP:

"son circunstancias que impedirán aos empresarios contratar coas entidades comprendidas no artigo 3 da presente Lei, nas condicións establecidas no artigo 61 bis as seguintes:

a) Retirar indebidamente a súa proposición ou candidatura nun procedemento de adjudicación"

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 09:29 horas. De todo elo, eu secretaria, dou fe.

V.e Pr.

A Presidenta da Mesa A Secretaria

Dna. Mª Jesús Lago Rey Dna Beatriz Barbará Rodríguez



| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 26/04/2024 17:40 | Páxina 2 de 2 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8AH4A-58D5A1-5AAH2A-6H4Q6T-6LKAPP-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |